

A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas

Índice de contidos:

1. Fonética e fonoloxía
2. Son, grafía, dígrafo, fonema e alófono
3. A produción dos sons
4. Sistema fonolóxico do galego:
 - 4.1. Subsistema vocálico
 - 4.2. Grupos de vogais (ditongos, tritongos e hiatos)
 - 4.3. Subsistema consonántico:
 - 4.3.1. Oclusivas
 - 4.3.2. Fricativas
 - 4.3.3. Africadas
 - 4.3.4. Oronasais
 - 4.3.5. Vibrantes
 - 4.3.6. Laterais.
 - 4.4. Particularidades do sistema fonolóxico galego.
 - 4.5. Normas ortográficas.
5. A sílaba e o acento.


1. Fonética e fonoloxía



A fonética é a disciplina lingüística que se ocupa do estudo da produción e recepción dos sons. Sitúase, pois, no nivel da fala e comparte aspectos coa fisioloxía. A parte da fonética que se ocupa da produción do son é a “fonética acústica” e a que se ocupa da recepción, “fonética auditiva”.

A fonoloxía é a disciplina lingüística que se ocupa do estudo dos fonemas, entidades abstractas situadas no nivel da lingua. Habitualmente os aspectos ou unidades estudados por estas disciplinas trátanse xuntos, polo que as dúas disciplinas van tamén xuntas: fonética-fonoloxía.


2. Son, grafía (grafema), dígrafo, fonema e alófono



Un son é a realización dun fonema no nivel da fala. Os sons son realizacións de fonemas en actos concretos de comunicación oral. Os sons representáanse entre corchetes []: ex. [b]. a grafía é a reprodución escrita do fonema, tamén se chama letra. Ás veces para representar un fonema utilizamos dúas grafías, dúas letras, (dígrafo), ás veces incluso tres grafías distintas poden representar ao mesmo fonema. Hai grafías que representan a máis dun fonema e grafías que non representan ningún fonema (letras mudas). As grafías representáanse entre paréntese (): ex. (b) ou (v) son as grafías coas que se pode representar o fonema /b/. A grafía (p) representa o fonema /p/, o dígrafo (qu) representa diante de (e, i) o fonema /k/, que pode tamén estar representado pola grafía (c) diante de (a, o, u) e mesmo, en estranxeirismos, pola grafía (k): ex. *Kant, quen, con*. A grafía (h) en *haber* non representa fonema algún.

Os fonemas son unidades mínimas con forma pero sen sentido que se sitúan no nivel da lingua. Son, pois, unidades abstractas. Os fonemas, ás veces, teñen distintas realizacións, dependendo normalmente da súa posición, a cada unha desas distintas realizacións chamámoslles “alófonos”. Así o fonema /b/ presenta dous alófonos: un fricativizado, en posición intervocálica, e outro oclusivo, nas demais posicións. Para definir os fonemas temos que acoollernos a un dos seus alófonos, se é que ten varios, e representarémolo entre barras oblicuas: ex. O fonema /b/ presenta dous alófonos; un oclusivo bilabial sonoro [b] e outro fricativizado bilabial sonoro [β], e para definir o fonema escollemos o primeiro dos alófonos. Por certo, para grafiar este fonema, en calquera das súas variantes alofónicas podemos hoxe en día utilizar, segundo unhas normas ortográficas, os grafemas (grafías ou letras) (b) ou (v).

3. A produción dos sons



Aparato respiratorio

Non existe un aparato propiamente fonador, senón que, para a produción dos sons, o que facemos é aproveitarnos de órganos doutros aparatos, sobre todo o respiratorio.

Na fonación o proceso de expiración, que é activa, alóngase e o de inspiración abréviase, en comparación co proceso normal de respiración: O aire empuxado polos pulmóns sae a través dos bronquios, a traquea e a larinxe. Na parte superior da larinxe sitúanse as cordas vogais, que é o primeiro órgano móbil co que se atopa o aire que viña dos pulmóns. As cordas vogais poden entón vibrar (sons sonoros) ou permanecer inmóbiles (sons xordos). Desde a larinxe o aire continúa pola farinxe que lle presenta dúas saídas opcionais: a cavidade bucal (sons orais) e a cavidade nasal (sons nasais). Non hai ningún son que se emita de forma exclusivamente nasal, por iso os sons que habitualmente chamamos nasais, son, en realidade, oronasais. A saída do aire pola boca ou pola boca e o nariz débese á campaiña que pode taponar a cavidade nasal impedindo que o aire poida escapar por alí. A campaiña ou veo do padal é o segundo órgano móbil dos que participan na fonación producindo, como xa vimos, sons orais ou oronasais. A boca, cos seus elementos ou partes, e os órganos móbiles da lingua e os beizos producen o resto das características elementais dos sons: modo e punto ou lugar de articulación. Na caracterización dos fonemas o que se fai é referir aqueles aspectos máis relevantes que nos permitan identificalos e diferencialos doutros. Ademais da lingua e os beizos, na boca distinguimos as seguintes partes: veo do padal (sons velares), padal (sons palatais), alvéolos (sons alveolares), dentes (sons dentais), labios (sons labiais: labiodentais, bilabiais).

Pero os sons tamén se caracterizan polo modo de articulación. Os modos de articulación permítenos falar de fonemas oclusivos (materialízanse cunha oclusión ou estoupido), fricativos (prodúcense por medio dunha fricación provocada polo estreitamento do conduto de saída do aire), africados (mesturan a oclusión e a fricación), oronasais (parte do aire sae pola cavidade nasal), laterais (o aire, en vez de saír por unha especie de canle formado no centro da lingua, sae polos laterais) e vibrantes (diferenciados por vibrar a punta da lingua ao seren emitidos).

4. Sistema fonolóxico do galego:

4.1. Subsistema vocálico

Existen en galego dous subsistemas vocálicos: un tónico e outro átono.

As vogais tónicas galegas:

	Anteriores	Media	Posteriores
Pechadas	/i/		/u/
Medias	/e/		/o/
Medias	/ɛ/		/ɔ/
Aberta		/a/	

O subsistema vocálico tónico consta de sete elementos, aínda que para representar eses sete elementos só temos cinco grafías.

fonema	características	grafía	exemplo
/a/	Aberta, central	(a)	Saco
/ɛ/	Medio-aberta, anterior	(e)	Sesta, mes
/e/	Medio-pechada, anterior	(e)	Cedo, mes
/i/	Pechada, anterior	(i)	Millo
/ɔ/	Medio-aberta, posterior	(o)	Nova, polo
/o/	Medio-pechada posterior	(o)	Monte, polo
/u/	Pechada posterior	(u)	Musa

As diferenzas entre as vogais medio-abertas e medio-pechadas hai que percibilas polo oído, aínda que en termos xerais, as medio-abertas proceden de vogais breves tónicas latinas. Con todo son moitos os factores que poden influír en que unha vogal

media respecte ou non as normas de evolución. Por exemplo a vogal medio-pechada de *monte* debera ser medio-aberta, pero por influencia da nasal non o é.

En posición átona o subsistema vocálico galego presenta cinco elementos representados por cinco grafías. En posición átona final ese número de fonemas vocálicos redúcese a tres: /a/, /e/, /o/.

Sistema vocálico átono final:

	Anterior	Media	Posterior
Media	/e/		/o/
Aberta		/a/	

Sistema vocálico átono medial:

	Anteriores	Media	Posteriores
Pechadas	/i/		/u/
Medias	/e/		/o/
Aberta		/a/	

fonema	características	grafía	exemplo
/a/	Aberta, central	(a)	Cabeza
/e/	Media, anterior	(e)	Cereixa
/i/	Pechada, anterior	(i)	Quixera, réptil, mísil
/o/	Media posterior	(o)	Coser
/u/	Pechada posterior	(u)	Curuxa, chapeu, pau

En palabras derivadas mantéñense os sete elementos: ex. Roda > rodiña con /o/ pechado, roda > rodiña con /ɔ/ aberto, cedo > cediño con /e/ pechado, sete > setiño con /ɛ/ aberto.

4.2. Grupos de vogais (ditongos, tritongos e hiatos)



Un ditongo é unha agrupación de dúas vogais nun mesmo núcleo silábico. Para que se poida dar un ditongo unha das vogais, como mínimo, ten que ser pechada. En galego hai, pois, 16 ditongos, que se agrupan en oito crecentes (primeira vogal feble) e oito decrecentes (primeira vogal forte):

Crecentes:

Ditongo	Exemplo
/ia/	Diante
/ie/	Ciencia
/io/	Cemiterio
/iu/	Ciume
/ua/	Tregua
/ue/	Frecuente
/ui/	Lingüística
/uo/	Residuo

Decrecentes:

Ditongo	Exemplo
/ai/	Animais
/au/	Causa
/ei/	Conselleiro
/eu/	Perdeu
/iu/	Partiu
/oi/	Corredoirá
/ou/	Cousa
/ui/	Puiden

Un tritongo é unha agrupación de tres vogais nun mesmo núcleo silábico. Para que se poida dar un tritongo as vogais das beiras deben ser pechadas. Os tritongos son: uau, iau, uai, uou, iou, uei,iei, ueu. Hai tritongos en *guau, miau, guai, averiguou, aliviou, mingüei, aliviei, Bueu*,

Un hiato é a reunión de dúas vogais nunha palabra pero en sílabas contiguas. Esas vogais non forman unha soa sílaba senón dúas. Ex.: aí, ruído, fieis, día, continúa, roedor.

4.3. Subsistema consonántico:

O subsistema consonántico galego consta dos seguintes elementos, agrupados en oclusivos, fricativos, africados, oronasais, laterais e vibrantes.

Oclusivos:

Fonema	Características	Grafía	Exemplo
/b/	O., bilabial, sonoro	(b), (v)	Lobo, viño
/p/	O., bilabial, xordo	(p)	Copa
/d/	O., linguodental, sonoro	(d)	Dado
/t/	O., linguodental, xordo	(t)	Todo
/g/	O., linguovelar, sonoro	(gu+e,i), (g+o,u)	Guerra, goma
/k/	O., linguovelar, xordo	(c+a,o,u), (qu+e,i), (k)	Caso, queixo, Kant

Fricativos

Fonema	Características	Grafía	Exemplo
/θ/	F., linguointerdental, xordo	(c+e,i), (z)	Cea, zoco
/f/	F., labiodental, xordo	(f)	Fame
/s/	F., linguoalveolar, xordo	(s)	Sede
/š/	F., linguopalatal, xordo	(x)	Dixo

Africado

Fonema	Características	Grafía	Exemplo
/č/	A., linguopalatal, xordo	(ch)	Cheda



Oronasais

Fonema	Características	Grafía	Exemplo
/m/	Or., bilabial, sonoro	(m)	Cama
/n/	Or., linguodental, sonoro	(n), (m+b,p)	Tona, campo
/ɲ/	Or., linguopalatal, sonoro	(ñ)	Soño
/ŋ/	Or., linguovelar, sonoro	(nh)	Unha

Laterais

Fonema	Características	Grafía	Exemplo
/l/	L., linguodental, sonoro	(l)	Tolo
/ʎ/	L., linguopalatal, sonoro	(ll)	Palla

Vibrantes

Fonema	Características	Grafía	Exemplo
/r/	V. sinxela, linguodental, sonoro	(-r-)	Caro
/ʀ/	V. múltiple, linguodental, sonoro	(r-), C+r), (-rr-)	Ramo, honra, Carro

4.4. Particularidades do sistema fonolóxico galego

Como podemos observar polas táboas dos fonemas hai moitas particularidades das que dar conta. Son as seguintes:

a) Fonemas que poden ser representados por máis dunha grafía. Cando iso sucede o uso dunha ou outra grafía réxese por normas ortográficas. Son (b), (v); (r), (rr); (c), (qu), (k); (g), (gu); (c), (z); (n), (m).

b) Grafías que representan a máis dun fonema: (c), (r), (m), (e), (o). cando isto sucede o valor da grafía está establecido por normas.

c) Hai tamén grafías que non representan ningún fonema, como a grafía (h) ou a grafía (u) diante de (e, i) e precedida de (q, g): *haber, cegueira, guitarra*.

d) Hai fonemas que só se poden representar por un dígrafo (dúas letras): (ch), (ll), (rr), (gu), (qu), (nh): *cheda, paleira, carro, guerra, quente, algunha*.

e) Hai grafías que reprentan un fonema ou un par de sons, como é o caso da grafía (x), que pode representar o fonema fricativo, linguopalatal, xordo /š/, ou o grupo de sons [ks], grupo culto. Ex.: *dixo, exame*.

4.5. Normas ortográficas



a) Escríbese (b) naquelas palabras que en latín tiñan (b) ou (-p-) intervocálico. Ex.: *lupum > lobo; habere > haber*.

b) Escríbese (v) nas pabras que tiñan en latín (v) ou (u): *auolum*> *avó*, *ad vocatum*> *avogado*; *vinum*> *viño*.

c) Escríbese (r) para representar o fonema vibrante múltiple, cando aparece en posición inicial ou tras consoante. Ex.: *rosa*, *enredo*.

d) Escríbese (rr) para representar o fonema vibrante múltiple, cando aparece en posición intervocálica. Ex.: *carro*.

e) Escríbese (c) para representar o fonema oclusivo, velar, xordo, diante de (a, o, u). Ex.: *casa*, *cousa*, *cuña*, *louca*, *louco*, *loucura*.

f) Escríbese (qu) para representar o fonema oclusivo, velar, xordo, diante de (e, i). Ex.: *queixo*, *quixo*.


g) Escríbese (k) para representar o fonema oclusivo, velar, xordo, en palabras estranxeiras. Ex.: *Kant*, *kantiano*.

h) Escríbese (g) para representar o fonema oclusivo, velar, sonoro, diante de (a, o, u). Ex.: *gasa*, *goma*, *aguzar*.

i) Escríbese (gu) para representar o fonema oclusivo, velar, sonoro, diante de (e, i). Ex.: *guerra*, *Aguiño*.

k) Escríbese (z) para representar o fonema fricativo, interdental, xordo, diante de (a, o, u), ás veces tamén diante de (e, i). Ex.: *zapato*, *carozo*, *zugar*, *Zenón*, *enzimas*.

l) Escríbese (c) para representar o fonema fricativo, interdental, xordo, diante de (e, i). Ex.: *centro*, *cigarrón*.



ll) Escríbese (m) para representar o fonema oronasal, linguoalveolar, sonoro, diante de (b, p). Nos demais casos escríbese (n). Ex.: *cambio*, *campo*, *personaxe*, *canto*.

m) Escríbese (h), en posición inicial naquelas palabras que a tiñan en latín. Ex.: *habilem* > *hábil*, *hostilem* > *hostil*, *hospitalem* > *hospital* / *hostal*.

n) Se nunha mesma palabra aparece a grafía (x) dúas veces con valor distinto [ks] e /š/, pode simplificarse o grupo [ks] e grafíarse (s). Ex.: *exaxerar* / *esaxerar*.

5. A sílaba e o acento.



A sílaba é a unión de un ou máis fonemas emitidos nun só golpe de voz. Segundo o número de sílabas as palabras poden ser monosílabas ou polisílabas. As palabras polisílabas poden ser bisílabas (se teñen dúas sílabas), trisílabas (se teñen tres), tetrassílabas (se teñen catro), pentassílabas...,

Ex.: Monosílabas: *sol*, *xa*, *as*.

Polisílabas: *me-sa* (bisílabas), *co-le-xio* (trisílabas), *a-ma-ba-mos* (tetrassílabas), *a-ma-bá-mo-los* (pentassílabas), *en-tre-ga-bá-mo-lo* (hexassílabas), *en-tre-ga-bá-mos-che-llo* (heptassílabas), *en-tre-ga-bá-mos-che-lle-lo* (octosílabas)...

As sílabas poden ser tónicas e átonas. As tónicas son aquelas que nunha palabra reciben unha maior intensidade. As sílabas tónicas levan, ás veces, un signo (til) que as identifica dentro da palabra.

Ex.: **sol** (tónica), **me** (tónica)-sa (átona), co-**le**-xio, a-ma-**ba**-mos, a-ma-**bá**-mo-los, en-tre-ga-**bá**-mo-lo, en-tre-ga-**bá**-mos-che-llo, en-tre-ga-**bá**-mos-che-lle-lo.



Hai palabras que non teñen ningunha sílaba tónica. Ex. As (artigo). As palabras que non teñen ningunha sílaba tónica chámanse “palabras átonas”. Son átonos os determinantes, as preposicións, as conxuncións e os pronomes átonos (con algunha excepción): Ex. O Antón e o Lois non che están na casa de André.

En galego os adverbios en –mente son palabras graves dunha soa sílaba tónica, por iso non levan nunca til: Ex.: *facilmente, comunmente*.

Pola posición do acento as palabras poden ser: agudas, graves, esdrúxulas e sobresdrúxulas. O til con valor identificador (aquel que sinala a sílaba tónica dunha palabra) réxese por unhas normas.

Normas de acentuación:



O acento pode ser fónico ou ortográfico. O acento ortográfico pode ter un valor identificador (identifica a sílaba tónica dentro dunha palabra: Ex.: *fácil*) ou diferenciador (diferencia unha vogal media-aberta dunha media-pechada, ou diferencia unha vogal tónica doutra que non o é: Ex.: *més* –cereal vs. *mes* –período de tempo de 28 / 29 / 30 /31 días; *é* (verbo – tónica) vs. *e* (conxunción – átona).

As palabras polisílabas agudas levan acento gráfico (til) cando rematan en vogal, (-n) ou (-s): Ex.: *café, sofá, pantalón, sofás, pantalóns*. Se as palabras agudas son monosílabas non levan til identificador, pero si poden levar til diferenciador: Ex.: *é* (verbo), *dá* (verbo), *més* (‘cereal’). Se as palabras polisílabas agudas teñen como núcleo da sílaba tónica un ditongo decrecente, non levan til: Ex.: *papeis*.

Os monosílabos con acento diferenciador (diacrítico) manteñen o til aínda que leven enclíticos: Ex.: *dáse*.

As palabras graves levan til cando rematan nunha consoante que non sexa (-n) ou (-s), pero se o núcleo da sílaba postónica (derradeira) é un ditongo decrecente, si levan til: Ex.: *amábeis*. En contra desta norma as palabras graves levan til se hai que marcar un hiato: Ex.: *sabía, continúa, sabías, continuás, sabían, continúan*.

As palabras esdrúxulas e sobresdrúxulas acentúanse sempre ortograficamente: Ex.: *cómodo, esdrúxula, déuseme, díxochenolo*.

Os adverbios en –mente son palabras graves rematadas en vogal, por iso non levan nunca til: Ex.: *facilmente, placidamente, comunmente*.

As sílabas poden constar de tres partes: núcleo (parte obrigada, constituída por unha vogal ou grupo de vogais), marxe explosiva (á esquerda do núcleo, constituída por unha consoante ou grupo de consoantes), marxe implosiva (á dereita do núcleo, constituída por unha consoante ou grupo de consoantes).


Ex. *Sol*: s-: marxe explosiva; -o-: núcleo silábico; -l-: marxe implosiva.

As sílabas que non teñen marxe implosiva chámanse “abertas” e as que si a teñen, chámanse “pechadas”. Ex.: *sol* (pechada), *a-ma-ba* (abertas).


Tendo en conta o que levamos dito, as sílabas poden presentar as seguintes estruturas (onde aparece V de vogal puidera aparecer un ditongo (D) ou un tritongo (T)):

V
CV
VC
CVC
CCV
VCC
CVCC
CCVC
CCVCC

Ex.: *a-mo* (V – CV), *an-tes* (VC – CVC), *pre-mio* (CCV, CD), *obs-tá-cu-lo* (VCC, CV, CV, CV), *cons-pi-rar* (CVCC, CV, CVC), *em-pres-tar* (VC, CCVC, CVC), *trans-por-tar* (CCVCC, CVC, CVC), *miau* (CT).



Convén lembrar que hai grafías que representan dous sons (x) e que, se iso sucede, esa grafía aporta o primeiro dos sons á marxe implosiva dunha sílaba e o segundo á marxe explosiva da sílaba seguinte: Ex.: *Taxi* (CVC [tak], CV [si]). Os dígrafos só representan un fonema: Ex.: *ca-rro* (CV, CV), *que-ro* (CV, CV), *cha-ve* (CV,CV).



Grafía con dobre son (x) = [ks]. Dígrafo que representa un fonema (ch).